

APRENDER A UTILIZAR FUNCIONES

Recordemos que unha función é necesaria para que as nosas instrucións sexan máis concretas e poidamos simplificalas cando se repiten.

Se nos fixamos na seguinte instrución vemos que hai repeticións



Se escribimos o algoritmo sería:

Avanzar ,avanzar, avanzar,avanzar.

¿Como poderíamos simplificar o algoritmo? Pois empregando comandos

¿Como creamos os comandos?

Empregamos números para indicar o que temos que movernos e letras para indicar cara onde nos movemos.

U- Arriba.

D- Abaixo.

L- Esquerda.

R- Dereita.

Exemplo : Se queremos avanzar 5 pasos cara a dereita o comando será R5, se queremos baixar 2 pasos o comando será D2

Colle un papel cuadriculado e a debuxar!!!! Recorda que cada cadradiño é 1 paso.

- a) R3U3L3D3
- b) D4R3U2L3
- c) U3R3D1
- d) D4R3

Agora o que debes facer e dar os comandos para poñer as iniciais do teu nome e apelidos. Os pasos que seguiremos son os seguintes:

- Debuxa as letras das túas iniciais nun papel cuadriculado. Se algunha das letras ten trazos inclinados convérteas en trazos verticais e horizontais. Por exemplo nas letras M,N,V.
- Escribe os comandos para poder debuxalas noutro papel.

Agora meteremos os papeis dos comandos nunha caixa e cada un de vos ten que coller un e terá que debuxar seguindo as instrucións.